



## PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN, CAFETERÍA, BIBLIOTECA, LIMPEZA...ETC

Ao oír a Alarma Acústica da Emerxencia:

- Abandonarán o seu posto de traballo procurando na medida do posible deixar as portas e xanelas pechadas, corte de subministración eléctrica e marcar a súa instancia como evacuada (por medio de papel ou cadeira na porta).
  - Se están a atender público o acompañarán cara ao PUNTO DE REUNIÓN. Isto debe de facerse empregando a saída máis próxima e seguindo as pautas dunha boa evacuación.
  - Se non están a atender a público diríxase ao punto de encontro (conserxería) e espera a que a dirección lles dea instrucións (revisión de plantas, control de portas...etc.).
- Transmitirán no punto de reunión as posibles incidencias da evacuación (persoas que estaban a atender no momento da emerxencia ou que recolleron por corredores...etc.) ao equipo de identificación e control (equipo directivo).

### Recomendacións:

#### Guía de boas prácticas durante a evacuación

- **Manteña a orde ó saír, non corra, non berre e fale o menos posible.**
- **Axude e sexa solidario con aqueles que por calquera causa teñan diminuídas a súas facultades físicas (é conveniente asignar persoal que no caso de emerxencia puidesen axudar).**
- **Evite a curiosidade; e se a súa presenza non é necesaria non debe permanecer en zonas de conflito ou evacuación.**
- **Utilice as vías e portas de evacuación que están marcadas e sinalizadas, seguindo as indicacións e dirección sinalizada.**
- **Non se demore recollendo obxectos persoais.**
- **Non utilice os ascensores nin rampas mecánicas durante a evacuación.**
- **Realice a evacuación a rentes do chan no caso de presenza de fumes.**
- **Se queda bloqueado nunha estancia, deixe as portas pechadas, abra las ventás e axite os brazos pedindo axuda.**

**DIRÍXASE Ó PUNTO DE REUNIÓN FIXADO E PERMANEZA NEL ATA RECIBIR INSTRUCCIÓNS.**



#### No PUNTO DE REUNIÓN:

- Verificará contando que ten o persoal que estaba a atender.
- Transmitirán no punto de reunión as incidencias (persoas que estaban a atender no momento da emerxencia ou que recolleron por corredores...etc.) ao equipo de identificación e control (equipo directivo).
- Manterá ao persoal controlado ata que o director transmita o fin da emerxencia.

